

Procedemento para a elaboración do Plan Docente Anual (PDA) 2022/2023

(Aprobado en Consello de Goberno do 25/01/2022)

Consideracións previas

O Plan de Financiamento do Sistema Universitario Galego (PFSUG) 2022/2026 mantén as restricións e limitacións do plan anterior que fan necesaria a estabilización dos criterios de elaboración do Plan Docente Anual (PDA), de acordo co modelo utilizado para a estimación do custo estándar baseado en datos de docencia, incluído no financiamento estrutural das universidades.

Esta norma dá prioridade ás materias de grao, mantendo a posibilidade de asignarlles unha maior carga docente nos primeiros cursos, nos que o alumnado pode precisar unha maior actividade presencial no seu proceso formativo, e facilita modelos de organización docente orientados á elaboración de horarios con distribucións semanais repetitivas que eviten a súa atomización ao longo do período lectivo.

1. Disposicións xerais

O centro deberá realizar o encargo da docencia de cada materia ás áreas de coñecemento ás que foron adscritas de acordo co PDA autorizado na actualidade para cada titulación ou de acordo coa proposta da Comisión Redactora no caso de novas implantacións.

A proposta de grupos deberá ser efectuada polo centro tendo en conta o aumento ou a diminución do número do alumnado nalgún curso e/ou materia. Os aumentos de grupos que propoña o centro deberán estar xustificadas axeitadamente. Para estimar o número de estudantes dunha materia, computarase todo o alumnado de nova matrícula e sumarse o alumnado de segunda e sucesivas matrículas ata un máximo do 20% do seu alumnado de primeira matrícula. Procurarase manter o mesmo número de grupos no mesmo curso, tomando como criterio a media de estudantes das materias do curso. No caso de encargarse a docencia dunha materia a máis dunha área ou departamento, debe especificarse a distribución de horas que corresponder. No caso das materias de grao, o encargo poderá facerse entre as áreas ás que se fixo a adscrición funcional.

No caso de primeira implantación de novos graos ou de modificación de graos, o centro deberá remitir con anterioridade a correspondente proposta de adscrición funcional das materias de formación básica e obrigatorias.

2. Organización docente nas titulacións de grao

O modelo de organización docente inspírase e amplía as estruturas de grupos previstas na Normativa de organización docente dos títulos de grao aprobada no Consello de Goberno do 27 marzo de 2009 modificada o 17 de decembro de 2009 e 17 de novembro de 2010¹, que se modifica retirando a posibilidade de manter os grupos de titorías en grupo reducido (TGR). A citada Normativa sitúa o número de horas presenciais por crédito ECTS entre 7 e 10 horas, utilizando 10 horas para o tipo de actividades presenciais que implique menor traballo posterior por parte do estudantado, e sempre que o número medio de horas presenciais no grao non sexa superior a 8,5 horas. Neste último suposto a implantación terá que ser progresiva en función das dispoñibilidades orzamentarias.

1 http://www.udc.gal/export/sites/udc/normativa/_galeria_down/profesorado/Organiz_grao.pdf

Código Seguro De Verificación	OMFX9chzm+3yeN9xaIuSnw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente - Alberto Valderruten Vidal	Asinado	27/01/2022 08:27:58
Observacións		Páxina	1/13
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/OMFX9chzm+3yeN9xaIuSnw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Neste contexto, os centros que o consideren necesario poderán aumentar a docencia presencial do alumnado nas materias de formación básica e obrigatorias dos primeiros cursos das titulacións de grao, mediante a redistribución das horas de docencia de titoría en grupos reducidos e tendo en conta uns modelos similares aos seguintes:

Materia cuatrimestral de 6 ECTS	Horas de docencia expositiva (HDE) por grupo (GDE)	Horas de docencia interactiva (HDI) / prácticas (HDP) por grupo (GDI/GDP)	Horas/ECTS	Horas/materia (con 1 GDE e 3-4 GDI)
Proposta inicial (2009-2010)	21	21	7	84-105
Modelo intermedio	30 (2h/semana)	21 (1,5 h/semana)	8,5	93-114
Materias con alta interactividade	30 (2h/semana)	24 (2h/semana ²)	9	102-126
Materias con baixa interactividade	45 (3h/semana)	15 (1h/semana)	10	90-105
Tamaño do grupo	60-80 estudiantes	20-25 estudiantes		

A ampliación dos esquemas de organización da docencia permite que se poidan establecer modelos diferentes en función do tipo de materia e do curso en que se impartan, axustando desta maneira a estrutura académica ás metodoloxías docentes utilizadas e ás características das materias, así como ao alumnado, de acordo coas memorias de verificación dos títulos. Os modelos propostos facilitan, ademais, a organización académica semanal das materias mediante unha distribución uniforme da docencia ao longo do cuatrimestre.

3. Grupos de titorías en grupo reducido

En calquera dos modelos docentes elixidos estableceranse unicamente dous niveis de tamaño de grupo, eliminando os grupos de titoría en grupos reducidos (de 10 estudantes), agás naquelas materias que xustifiquen a necesidade deste tamaño de grupo por razóns de seguridade ou das metodoloxías docentes específicas das titulacións da rama de Ciencias da Saúde, exclusivamente.

4. Créditos teóricos e prácticos

O número de horas de docencia expositiva (HDE) non poderá ser inferior ao 50% do número total de horas dunha materia, excepto naquelas materias que xustifiquen a necesidade de máis intensidade de docencia interactiva/prácticas na memoria do título. Neste caso, o número de horas de docencia por crédito ECTS axustarase segundo os modelos do apartado 2.

² Durante 12 das 15 semanas do cuatrimestre.

Código Seguro De Verificación	OMFX9chzm+3yeN9xaIuSnw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente - Alberto Valderruten Vidal	Asinado	27/01/2022 08:27:58
Observacións		Páxina	2/13
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/OMFX9chzm+3yeN9xaIuSnw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



5. Mencións/itinerarios/especialidades

Transitoriamente, non se impartirán asencións en graos e mestrados con menos de 10 estudantes, agás que se asuma sen petición de prazas; isto é, ningunha área que imparta docencia nelas pode xustificar a necesidade de prazas con base nas horas que imparte na mención. Neste caso, as materias da mención figurarán no PDA temporalmente sen horas, ata que se xustifiquen coa matrícula.

6. Cómputo de disciplinas optativas

Todas as materias optativas terán no PDA unha carga docente equivalente a 7 horas por crédito ECTS.

Nas titulacións cuxa oferta de optativas permita escoller unha entre máis de dúas alternativas reducirase, como máximo, a unha de dúas.

Antes de contratar novo profesorado para unha área de coñecemento determinada, comprobarase se esta imparte docencia en materias optativas. En caso afirmativo, na oferta de optativas das titulacións terán preferencia as áreas onde exista capacidade docente suficiente con profesorado permanente.

As materias optativas que no curso 2021/2022 tivesen matriculados menos de cinco estudantes poderán ofertarse sen que se teñan en conta no cómputo da carga docente das áreas de coñecemento, para efectos de xustificar a necesidade de prazas de profesorado. Figurarán no PDA temporalmente sen horas, ata que se xustifiquen coa matrícula.

7. Docencia en materias de formación básica e obrigatorias

Antes de contratar novo profesorado para unha área de coñecemento determinada, comprobarase se esta imparte docencia en materias de formación básica ou obrigatorias con outras áreas afíns na adscrición funcional. En caso afirmativo, asignarase a docencia destas materias á/s área/s afín/s que contén con exceso de capacidade. As propostas de asignación serán aprobadas pola Comisión de Organización Académica e Profesorado (COAP) e comunicadas ao centro e departamentos afectados.

8. Oferta de docencia en inglés

O PDA correspondente á oferta de docencia en inglés axustarase ao establecido na Normativa reguladora da docencia en inglés nas titulacións da Universidade da Coruña (aprobada polo Consello de Goberno do 30 de abril de 2015 e modificada nos Consellos de Goberno do 14 de abril de 2016 e do 23 de xullo de 2019) que nos artigos 1.5 e 3.3 establece, para a viabilidade dos programas bilingües, o seguinte:

- “Os grupos que se podan formar para a docencia en inglés non suporán a contratación de profesorado”.
- “...o número de estudantes matriculados no primeiro curso do grupo de inglés debe ser como mínimo de 10. Se non se chega a esa cifra para o ano académico correspondente, e non se forma o grupo, os estudantes internacionais cos que hai compromiso de docencia en inglés –e que non queiran mudar ao grupo de galego/español- recibirán a súa docencia a través da modalidade de titorías, que xerará un desconto docente de 15 horas para o profesor implicado.”

Os centros poderán optar entre a creación dun novo grupo para a docencia en inglés ou dar a posibilidade de xerar un número de horas para imputar no encargo docente do profesorado que imparte estas materias. Este recoñecemento sería do 50% das horas presenciais impartidas en inglés, sempre que se acredite un mínimo de dez estudantes matriculados. Non poderán crearse novos grupos para a docencia en

Código Seguro De Verificación	OMFX9chzm+3yeN9xaIuSnw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente - Alberto Valderruten Vidal	Asinado	27/01/2022 08:27:58
Observacións		Páxina	3/13
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/OMFX9chzm+3yeN9xaIuSnw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



inglés se non se acredita coa matrícula un exceso de 20 estudantes na capacidade dos grupos.

Os centros comunicarán á Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente:

- as materias de nova incorporación que por Plan de Estudos se imparten en inglés e que non requiren de autorización previa.
- as materias de nova incorporación de plans bilingües que van a contar cun grupo en inglés: A Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación autorizará estas materias.
- as materias optativas de nova incorporación que se impartirán só en inglés: A Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación autorizará as materias que se inclúan con esta característica no Plan de Estudos por parte da Vicerreitoría de Planificación Académica e Innovación Docente.

Para cada curso académico, os centros confirmarán a continuidade da oferta de materias en inglés.

9. Docencia a distancia (docencia online)

No PDA das titulacións que contén con materias que se impartan en réxime de docencia a distancia³, só se imputarán as horas de actividade presencial.

De acordo coas memorias dos títulos e sempre que estas materias acrediten un mínimo de cinco estudantes na modalidade a distancia terán no PDA un grupo de docencia online cunha carga docente equivalente a 4 horas por crédito ECTS para materias de máster ou o seu equivalente nas materias de grao.

De acordo coa Normativa que regula os estudos semipresenciais e a distancia na UDC (aprobada polo Consello de Goberno o 27 de xaneiro de 2021), o tamaño do grupo de referencia para a docencia a distancia será de 10 estudantes. Non poderán crearse novos grupos para a docencia a distancia se non se acredita coa matrícula un exceso de cinco estudantes na capacidade dos grupos. No caso do profesorado con vinculación permanente na universidade, a porcentaxe da súa dedicación á ensinanza semipresencial ou a distancia non deberá ser superior ao 50% salvo casos debidamente xustificadas.

10. Cómputo das disciplinas nos estudos de mestrado

Todas as materias de mestrado terán no PDA unha carga docente equivalente a 7 horas por crédito ECTS, agás que se xustifique a necesidade legal dunha intensificación docente como pode ocorrer nalgunhas titulacións con atribucións profesionais.

No caso de que un centro ofrezca estudos de mestrado, enténdese que as áreas de coñecemento que teñen adscrita a dita docencia contan con profesorado suficiente e que, por tanto, se fan responsables de garantir que se imparta a docencia planificada ante calquera cambio imprevisto na capacidade docente.

No caso de mestrados interuniversitarios e nos mestrados en que existen materias impartidas por profesorado externo á UDC, as horas que imparte este profesorado non están adscritas a ningunha área de coñecemento, polo que de manterse esta situación no curso académico 2022/2023, deberán deixarse tales horas sen distribuír entre as áreas. As UADI deberán contactar co Negociado de Planificación do PDI co fin de que se dean as instrucións oportunas para poder engadir en Xescampus o profesorado pertencente a outras institucións distintas da UDC e que non figuren na aplicación.

³ Titulacións verificadas coa modalidade de docencia a distancia.

Código Seguro De Verificación	OMFX9chzm+3yeN9xaIuSnw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente - Alberto Valderruten Vidal	Asinado	27/01/2022 08:27:58
Observacións		Páxina	4/13
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/OMFX9chzm+3yeN9xaIuSnw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



A carga lectiva das ensinanzas conducentes á obtención de títulos de mestrado universitario terase en conta para os efectos da estimación da participación académica da área de coñecemento á que estea adscrita.

No caso dos mestrados interuniversitarios, non se terán en conta no cómputo da carga docente das áreas de coñecemento, para efectos de xustificar a necesidade de prazos de profesorado, as horas impartidas en materias que estean duplicadas (impartidas por profesorado externo á UDC) ou materias con menos de cinco estudantes matriculados na UDC⁴.

O POD dos mestrados universitarios deberá ser aprobado pola súa comisión académica e contar co visto e prace do/a decano/a ou director/a do centro responsable, antes de remitilo á Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente.

11. Novos graos ou mestrados que teñan previsto o seu inicio no curso 2022/2023

Os centros remitirán ao Negociado de Planificación do PDI ou á Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente a relación de áreas de coñecemento (departamento e área) de cada unha das materias do grao/mestrado, no caso de non telo feito con anterioridade. No caso dos graos, remitirase ademais a adscripción funcional das materias de formación básica e obrigatorias a un mínimo de tres áreas de coñecemento, de acordo coa proposta da Comisión Redactora da titulación.

Recoméndase que se remitan as áreas o máis axiña posible co fin de poder cumprir cos prazos de elaboración do PDA.

12. *Practicum* en titulacións adaptadas ao EEES

Para o cálculo da participación académica nas materias de *Practicum* teranse en conta as seguintes variables:

1. O número de estudantes matriculados por primeira vez
2. O número de créditos asignados ao *Practicum* no plan de estudos
3. A memoria de verificación da titulación

As horas correspondentes a cada materia serán asignadas ao centro responsable da titulación que as distribuirá na elaboración do PDA entre os departamentos que correspondan.

13. Materia para os Traballos de Fin de Grao (TFG)

Os centros poderán solicitar a modificación no PDA do tratamento da materia TFG dunha titulación, co obxectivo de estabilizar o seu encargo curso a curso ás áreas do profesorado que dirixe traballos desta materia de carácter obrigatorio. Proponse automatizar tanto o tamaño en horas da materia como o seu encargo coa base seguinte:

1. A media de horas de dirección de TFG recoñecidas globalmente para a titulación nos tres cursos anteriores determinará as horas de Docencia Práctica (DP) da materia. Excepcionalmente poderá utilizarse o número de horas de dirección do curso 2021/2022.
2. O encargo ás áreas será proporcional á aportación de cada área ao número de horas de DP.

⁴ En mestrados interuniversitarios sen duplicación (total ou parcial) de materias e cun único itinerario optativo ofertado na UDC, computarase para as materias do itinerario a matrícula do mestrado na UDC.

Código Seguro De Verificación	OMFX9chzm+3yeN9xaIuSnw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente - Alberto Valderruten Vidal	Asinado	27/01/2022 08:27:58
Observacións		Páxina	5/13
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/OMFX9chzm+3yeN9xaIuSnw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



3. Poderá engadirse ata un máximo dunha hora por ECTS da materia como horas de Docencia Expositiva en caso de acreditar a realización de seminarios para o conxunto de estudantes da materia.

14. Titoría de traballos de fin de grao (TFG) e traballos de fin de mestrado (TFM)

Os centros deberán revisar no apartado de consultas do PDA en Xescampus os datos do profesorado que fixo a titoría de TFG ou TFM entre o 1/01/2021 e o 31/12/2021. As direccións de centro comprobarán que son correctos e no caso de detectar algunha incidencia deberán comunicala á Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente no momento de elaboración do PDA, para proceder á súa corrección.

Para este fin dispoñen das consultas: TFG.TFM.DIR “Listaxe dos Directores de TFG/TFM por Centro e Titulación” e TFG.TFM.DIR.ALUM “Listaxe Alumnado e Directores de TFG/TFM por Centro e Titulación”.

15. Membros das comisións de avaliación dos TFG e TFM

Os centros deberán revisar no apartado de consultas do PDA en Xescampus os datos do profesorado que participou nas comisións de avaliación de TFG ou TFM entre o 1/01/2021 e o 31/12/2021. As direccións de centro comprobarán que son correctos e no caso de detectar algunha incidencia deberán comunicala á Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente no momento de elaboración do PDA, para proceder á súa corrección.

Para este fin dispoñen da consulta: TFG.TFM.COM “Listaxe das Comisións Avaliadoras de TFG/TFM por Centro e Titulación”.

16. Titorización académica de prácticas externas optativas en empresas e outras institucións

As direccións de centro remitirán á Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente no momento de elaboración do PDA os datos do profesorado que titorizou prácticas externas curriculares entre o 1/01/2021 e o 31/12/2021. Para isto empregarán o impreso que figura no anexo III.

Estes datos non poderán ser modificados trala finalización do prazo de elaboración do PDA, agás erro manifesto.

17. Recoñecemento como apoio á actividade docente dos centros (RAADC)

A Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente enviará ás direccións dos centros os datos relativos á bolsa de horas que lles corresponde segundo os datos facilitados polas vicerreitorías con competencia en cada un dos apartados.

As direccións dos centros deberán incorporar as horas que lles corresponden pola “Titorización académica de prácticas externas extracurriculares en empresas e outras institucións”. Para isto deberá xustificar suficientemente o número de prácticas que foron titorizadas no curso académico 2020/2021, e engadir 2 horas por cada estudante que realizase 300 horas de prácticas.

Os centros poderán distribuír do xeito que consideren máis oportuno a bolsa de horas, tendo en conta que a compensación de horas por este apartado é **incompatible con calquera outra redución por xestión e non pode ser aplicada ao PDI a tempo parcial nin aos axudantes**. Os centros, no prazo de elaboración do PDA, farán chegar esta distribución á Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente empregando o modelo do anexo III e esta non poderá ser modificada trala finalización do prazo de elaboración do PDA, agás erro manifesto ou petición xustificada en modificacións no persoal que colabora co centro.

Código Seguro De Verificación	OMFX9chzm+3yeN9xaIuSnw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente - Alberto Valderruten Vidal	Asinado	27/01/2022 08:27:58
Observacións		Páxina	6/13
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/OMFX9chzm+3yeN9xaIuSnw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



18. Comunicación da finalización do encargo docente

Os centros deberán confirmar que realizaron o encargo docente á Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente, empregando principalmente o correo electrónico (**sen necesidade de enviar unha copia impresa**). A Vicerreitoría, unha vez revisado o PDA e confirmados os datos, remitirá unha copia para que sexa asinada polo centro.

Unha vez que se revise a proposta de grupos pola Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente, esta será incorporada ao POD e comunicarse aos departamentos a apertura do prazo para a asignación do encargo docente.

19. Interpretación da norma

A Comisión de Organización Académica e Profesorado, por delegación do Consello de Goberno, será a encargada de dilucidar calquera dúbida ou problema en relación coa interpretación deste procedemento.

Código Seguro De Verificación	OMFX9chzm+3yeN9xaIuSnw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente - Alberto Valderruten Vidal	Asinado	27/01/2022 08:27:58
Observacións		Páxina	7/13
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/OMFX9chzm+3yeN9xaIuSnw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Anexo I

Información da Vicerreitoría de Planificación Académica e Innovación Docente para cubrir o PDA 2022/2023

Faise necesario pedir a colaboración dos centros no procedemento de elaboración do PDA para facilitar outros procesos posteriores relacionados coa xestión académica. A seguir, relaciónanse os datos que se precisan en Xescampus.

CENTROS

- Mestrado interuniversitario. Necesítase saber as universidades do sistema universitario de Galicia en que se imparte cada materia; engádese na pantalla de "Planificación/Inclusións".
- Materias que se extinguen ou que non terán docencia, pero nas que existe o dereito a exame (marcar coa característica EX/MX). Márquese esta característica e poñer Grupos 1 (de teoría) e horas 0, para poder asociar un/unha profesor/a no proceso de POD (só actas), que cualifique aos estudantes e asine as actas correspondentes.
- Materias sen docencia nin dereito a exame. Márquese a característica XT/NM, extinguida non matriculable.
- Convocatoria. Asíciase correctamente o cuatrimestre (1.º, 2.º) ou convocatoria anual en cada caso.
- Docencia en inglés. Os centros deberán comunicar á Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente as materias que se imparten en inglés co fin de poder xestionar correctamente a matrícula do alumnado.
- Primeiro primeira vez. Sinálase esta condición naquelas materias asociadas aos estudantes de primeiro curso.

CONSECUENCIAS DE NON SEGUIR ESTAS INDICACIÓNS

- Imposibilidade de transmitir información correspondente a mestrados interuniversitarios entre as universidades.
- Actas sen profesor/a que cualifique e asine.
- Matrícula en materias extinguidas.
- Actas en cuatrimestres incorrectos.
- Alumnos/as matriculados/as en cuatrimestres incorrectos. Afecta ás actas e listaxes.
- Matrícula de libre elección en materias non ofertadas ou extinguidas.
- Matrícula de estudantes de primeiro primeira vez incorrecta.
- Aparición de materias extinguidas na avaliación do profesorado.

Código Seguro De Verificación	OMFX9chzm+3yeN9xaIuSnw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente - Alberto Valderruten Vidal	Asinado	27/01/2022 08:27:58
Observacións		Páxina	8/13
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/OMFX9chzm+3yeN9xaIuSnw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Anexo II

Información sobre soporte técnico

Conéctese co seu navegador web á páxina:

<https://xescampus.udc.es>

Se vostede, unha vez que leu detidamente a documentación que se achega, ten algunha dúbida ou problema sobre o procedemento, pode poñerse en contacto co persoal da Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente.

Preguntas sobre o procedemento:

<i>Roberto Nuez Sánchez</i>	Xefatura do Negociado III Servizo de Persoal Docente e Investigador	1072	xestionpod@udc.gal
<i>Rosa M^a González Romero</i>	Secretaría da Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente	1184	vppd@udc.gal

Preguntas de carácter técnico:

Deberá poñer unha incidencia a través de AxudaTIC en:

<https://axudatic.udc.gal/>

No caso de non dispor da clave de acceso a Xescampus debera remitir a través de AxudaTIC o impreso que pode atopar en:

http://www.udc.gal/export/sites/udc/aspau/_galeria_down/documentos/Alta_Xescampus.doc

Código Seguro De Verificación	OMFX9chzm+3yeN9xaIuSnw==			Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente - Alberto Valderruten Vidal			Asinado	27/01/2022 08:27:58
Observacións				Páxina	9/13
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/OMFX9chzm+3yeN9xaIuSnw==				
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).				



Anexo III

PLAN DOCENTE ANUAL 2022/2023



Modelo de solicitude de compensación de horas ao profesorado que colaborou en Actividades Docentes dos Centros (RAADC) para a inclusión no POD do curso 2022/2023

Plan Docente Anual (PDA) 2022/2023

CENTRO	APOIO A ACTIVIDADES DOCENTES DOS CENTROS (Non poderán adxudicarse horas a profesorado que teña redución por Actividade de Xestión Universitaria ou contrato a tempo parcial, ou contrato de Axudante)		
	APELIDOS E NOME DO PROFESORADO	NIF (sen puntos nin guións)	HORAS TOTAIS DO PROFESORADO (número enteiro)
Facultade/Escola de _____			
TOTAL DE HORAS			0
TITORIZACIÓN DE PRÁCTICAS EXTERNAS EXTRACURRICULARES CURSO 2020/2021 (Non poderán adxudicarse horas a profesorado que teña redución por cargo ou contrato a tempo parcial, ou contrato de Axudante)			
APELIDOS E NOME DO PROFESORADO	NIF (sen puntos nin guións)	HORAS TOTAIS DO PROFESORADO (número enteiro)	
COORDINADOR/A DE SECCIÓN DEPARTAMENTAL: APELIDOS E NOME	NIF (sen puntos nin guións)	HORAS (10/coordinador)	

Código Seguro De Verificación	OMFX9chzm+3yeN9xaIuSnw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente - Alberto Valderruten Vidal	Asinado	27/01/2022 08:27:58
Observacións		Páxina	10/13
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/OMFX9chzm+3yeN9xaIuSnw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Modelo de relación de profesorado que titorizou Prácticas Externas Obrigatorias e Optativas en Empresas e outras Institucións para a inclusión no POD do curso 2022/2023 Período: de 01/01/2021 a 31/12/2021

Plan Docente Anual (PDA) 2022/2023

PROFESORADO QUE TITORIZOU PRÁCTICAS OPTATIVAS (de 1 de xaneiro a 31 de decembro do ano anterior)					
Grao/ Máster en: _____					
APELIDOS E NOME DO PROFESORADO DA UDC	ASINA ACTAS NO PRÓXIMO CURSO SI/NON	NIF (sen puntos nin guións)	CÓDIGO DA MATERIA	Nº ALUMNOS/AS (aos que se lles titorizou prácticas)	HORAS A CUBRIR POLO NEGOCIADO III DO SPDI

A Coruña/Ferrol, ____ de ____ de 2022
(Asinado polo/a secretario/a do centro para as titulacións de grao)
(Asinado polo/a coordinador/a para os mestrados)

Vº e Prace
O/A Decano/a
O/A Director/a

Código Seguro De Verificación	OMFX9chzm+3yeN9xaIuSnw==		Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente - Alberto Valderruten Vidal		Asinado	27/01/2022 08:27:58
Observacións			Páxina	11/13
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/OMFX9chzm+3yeN9xaIuSnw==			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			



Plan Docente Anual (PDA) Curso 2022/2023

COMUNICACIÓN DE INCIDENCIAS POR PARTICIPAR EN COMISIÓN DE AVALIACIÓN E POR DIRIXIR TRABALLOS DE FIN DE GRAO/MASTER DE
TITULACIÓN INTERUNIVERSITARIAS

Comisións Avaliadoras

Datos de comisións constituídas entre 01/01/2021-31/12/2021

NÚMERO DA COMISIÓN SEGUNDO A CONSULTA DE XESAMPUS	NOME	NIF	NÚMERO ALUMNOS/AS AVALIADOS	CÓDIGO GRAO/MASTER	HORAS A CUBRIR POR NPPDI

Directores/as de Traballos

Datos de traballos defendidos entre 01/01/2021-31/12/2021

NOME	NIF	NÚMERO TRABALLOS DIRIXIDOS/CODIRI XIDOS	CÓDIGO MATERIA	HORAS A CUBRIR POR NPPDI

A Coruña/Ferrol, __ de __ de 2022

Código Seguro De Verificación	OMFX9chzm+3yeN9xaIuSnw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente - Alberto Valderruten Vidal	Asinado	27/01/2022 08:27:58
Observacións		Páxina	12/13
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/OMFX9chzm+3yeN9xaIuSnw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Modelo para a incorporación/eliminación de materias á oferta de inglés no PDA do curso 2022/2023

Plan Docente Anual (PDA) 2022/2023

INCORPORACION Á OFERTA DE INGLÉS: GRADO EN _____			
CURSO	MATERIA CODIGO	MATERIA NOME	NECESITA GRUPO ADICIONAL SI/NON

RETIRADA DA OFERTA DE INGLÉS			
CURSO	MATERIA CODIGO	MATERIA NOME	NECESITA GRUPO ADICIONAL SI/NON

A Coruña/Ferrol, ____ de ____ de 2022

Código Seguro De Verificación	OMFX9chzm+3yeN9xaIuSnw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente - Alberto Valderruten Vidal	Asinado	27/01/2022 08:27:58
Observacións		Páxina	13/13
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/OMFX9chzm+3yeN9xaIuSnw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

